




Guía de Acollida TCAEs

**UNIDADE DE TRAUMATOLOXÍA E
CIRURXÍA PLÁSTICA**


Planta 2ª A / B

Hospital Álvaro Cunqueiro





- 1** Benvida
- 2** Organización do Traballo
- 3** Tarefas Quenda de Mañá
- 4** Tarefas Quenda de Tarde
- 5** Tarefas Quenda de Noite
- 6** Ingresos programados Cirúrxicos
- 7** Mobilización de pacientes
- 8** Actividades Programadas
- 9** Seguridade do Paciente
- 10** Decálogo de Boas Prácticas



1


Benvida



Estimada compañeira/o, benvida/o á unidade de Traumatoloxía e Cirurxía Plástica, localizada no 2ª andar, A/B do Hospital Álvaro Cunqueiro.

O obxectivo desta guía é favorecer a túa integración no traballo habitual da unidade.

Queremos darvos a benvida a nosa unidade e ofertarvos unha pequena información que esperamos vos sexa de utilidade.



2

Organización do Traballo



- O traballo organízase por asignación e distribución de pacientes ao persoal, co fin de proporcionar atención integral e que o paciente/familia saiba en todo momento quen son os responsables do seu coidado.
- As accións descritas en cada quenda non supoñen a totalidade das desenvolvidas polo persoal de enfermería, posto que existen outras funcións que xurden a demanda, necesarias para manter o bo funcionamento da unidade e dar unha axeitada atención ao paciente e á súa familia.
- Recorda que o persoal está suxeito ao segredo profesional e á lei de protección de datos.
- O acceso á historia clínica do paciente e ao resto das aplicacións corporativas é persoal e intransferible, mediante usuario e contrasinal. Debes solicitar ao/á Supervisor/a da Unidade, a súa xestión para a activación dos accesos necesarios. En ningún caso debes cedelo a outros profesionais.
- Para máis información sobre a unidade podes consultar o Manual de Xestión e Organización Interna na Intranet Corporativa.

As actividades descritas nesta guía poderán estar suxeitas a modificacións dependendo da situación dos pacientes e a unidade.

3

Quenda de Mañá



- Recoller o cambio de quenda e consensuar as incidencias/dúbidas relativas ao paciente co resto do equipo (enfermería).
- Comprobar que o paciente dispoña de pulseira identificadora.
- Tomar temperatura e rexistrar na aplicación.
- Repartir roupa de aseo e cama.
- Realizar a hixiene dos pacientes, priorizando como norma xeral:
 1. Pacientes con quirófano programado ou que teñan algunha proba para o día, comprobando o protocolo específico para cada intervención.
 2. Pacientes que teñan rehabilitación (colocación de pantalón curto).
- Vixiar presenza/risco de UPP informando a enfermería e actuando con medidas preventivas. Especial atención en zona sacra e talóns.
- Recibir ingresos. Tomar temperatura, explicar funcionamento da unidade e realizar escala de Barthel.
- Repartir os almozos coa camareira (comprobar xaxúns) e axudar aos pacientes que o precisen, favorecendo a súa autonomía.
- Levantar á cadeira de brazos a aqueles pacientes que o precisen.
- Realizar cambios posturais aos pacientes encamados.

3

Quenda de Mañá II



- Recoller roupa dos baños e manter a orde no cuarto / mesiñas. As papeleiras son para uso exclusivo dos pacientes.
- Administrar enemas pautados e anotar deposicións na aplicación.
- Montar carros de lencería.
- Revisar dispensadores para hixiene de mans e repoñer.
- Repartir e axudar en comidas, favorecendo a autonomía do paciente. Comprobar xaxúns.
- Deitar aos pacientes e realizar cambios posturais.
- Realizar controis diureses e anotar na aplicación.
- Recoller altas.
- Confirmar accións na aplicación. Rexistrar comentarios evolutivos.
- Dar cambio de quenda.

4

Quenda de Tarde



- Recoller o cambio de quenda e revisar incidencias/dúbidas relativas ao paciente co resto do equipo (enfermeira).
- Comprobar que o paciente dispoña de pulseira identificadora.
- Tomar temperatura e rexistrar na aplicación.
- Realizar cambios posturais. Vixiar presenza/risco de UPP informando a enfermería e actuando con medidas preventivas. Especial atención en zona sacro e talóns.
- Levantar aos pacientes que o teñan prescrito.
- Repartir as merendas e axudar aos pacientes que o necesiten favorecendo a súa autonomía. Comprobar xaxúns.
- Facer as altas.
- Recibir ingresos ou traslados. Tomar temperatura, explicar funcionamento da unidade e realizar escala de Barthel.
- Repartir ceas e axudar a pacientes que o necesiten, favorecendo a súa autonomía. Comprobar xaxúns.
- Facer cambios posturais, revisar cueiros e deitar. Realizar diureses e anotar na aplicación.
- Realizar limpeza e desinfección de bateas, compresores..., ordear e repoñer o cuarto de medicación. Repoñer carro de lencería.
- Confirmar accións na aplicación. Rexistrar comentarios evolutivos na aplicación.
- Dar cambio de quenda.

5

Quenda de Noite



- Recoller o cambio de quenda e revisar incidencias/dúbdidas relativas ao paciente co resto do equipo (enfermeira).
- Comprobar que o paciente dispoña de pulseira identificadora.
- Tomar temperatura se é preciso e rexistrar.
- Colocar carteis de xaxúns.
- Repartir suplementos.
- Realizar primeira rolda da quenda, entrando en todos os cuartos e atender as necesidades de cada paciente. Facer cambios posturais e cambios de cueiros. Vixiar presenza/risco de UPP informando a enfermería e actuando con medidas preventivas. Especial atención en zona sacra e talóns.
- Recibir ingresos. Tomar temperatura, explicar funcionamento da unidade e realizar escala de Barthel. Realizar cambios posturais e cambio de cueiros ás 6 h.
- Fomentar descanso nocturno.
- Preparar pacientes para quirófano/probas programados a primeira hora, comprobando o protocolo específico para cada intervención.
- Medir e rexistrar diureses.
- Realizar limpeza e desinfección de bateas, compresores..., ordear e repoñer o cuarto de medicación.
- Confirmar accións na aplicación. Rexistrar comentarios evolutivos na aplicación.
- Dar cambio de quenda.

6

Ingresos programados cirúrxicos



Ao ingreso do paciente:

- Realizar a recepción do paciente na unidade, presentándose e informando do funcionamento da unidade.
- Identificar inequivocamente ao paciente mediante colocación da pulseira identificadora.
- Tomar temperatura e rexistrala na aplicación.
- Verificar: xaxún, rasurado da zona se precisa, retirada de próteses (dentais e auditivas), xoias, esmalte, maquillaxe, colonias e cremas.
- Realizar a hixiene xeral (incluíndo cabeza) e bucal utilizando solución antiséptica. Facilitar camisón (retirando roupa interior).
- Comprobar se é necesaria unha preparación específica confirmándoo con enfermería: colocación medias compresión, enemas, faixa abdominal...

7

Mobilización de pacientes

- **Cirurgía de cadeira:**

Atención en mobilizacións e transferencias.
Se próteses: evitar flexión e rotación interna.
Colocar media de compresión.
Facilitar andador se está indicado.



- **Cirurgía de xeonllo:**

Colocar media de compresión.
Se prótese aplicar crioterapia.
Facilitar andador, se está indicado



- **Cirurgía de columna:**

Colocar faixa abdominal.



Consultar dúbidas con enfermería

8

Actividades Programadas



- Carro de RCP: revisar na quenda de noite xunto coa enfermeira todos os sábados e cada vez que se utilice. Rexistro diario da presenza de precinto.
- Farmacia da unidade revisión da caducidade mensualmente pola supervisora, enfermeira e TCAE.
- Dispensadores de xel hidroalcohólico revisión semanal.
- **Distribución de tarefas diarias en quenda de mañá segundo corredor asignado:**

1º Corredor	<ul style="list-style-type: none"> • Sala limpo: Limpeza, orde e reposición do material.
2º Corredor	<ul style="list-style-type: none"> • Sala de equipos: comprobación aspirador urxencias e kit contención. • Aparataxe: tensiómetros, aparato ECG, ...
3º Corredor	<ul style="list-style-type: none"> • Sala sucio. • Esterilización.
4º Corredor	<ul style="list-style-type: none"> • Sala procedementos: limpeza, orde e reposición.

9

Seguridade do Paciente



- Comproba a correcta identificación do paciente e a colocación da pulseira identificadora.
- Realiza a Hixiene de mans nos 5 momentos.
- Verifica os 5 correctos na administración da medicación.
- Preserva a integridade cutánea do paciente.
- Evita as caídas aplicando as medidas preventivas necesarias.
- Rexistra sempre os coidados realizados.

Aplica os teus coidados seguindo os protocolos da unidade e as mellores evidencias dispoñibles.

01**PRESENTATE**

Presentate co teu nome e categoría profesional e leva visible a tarxeta identificativa.

04**PRACTICA A EMPATÍA**

Respecta as crenzas, valores e preferencias de pacientes e profesionais.

07**FAI EQUIPO**

Fomenta a participación e o traballo en equipo e manexa os recursos responsablemente.

10**COIDA CON SEGURIDADE****02****COIDA O TEU ASPECTO**

Mantén unha uniformidade correcta. Non leves xoias nin uñas pintadas e recolle o cabelo.

05**FOMENTA O DESCANSO**

Planifica o tratamento e coidados para favorecer o sono. Minimiza o ruído e a luz.

08**RESPECTA A INTIMIDADE**

Garante a privacidade e confidencialidade, respecta a intimidade do/a paciente e a súa autonomía.

03**INFORMA E ESCOITA**

Adapta a linguaxe e comproba que te entenden. Practica a escoita activa.

06**COIDA A COMUNICACIÓN NON VERBAL**

Coida o ambiente e a comunicación non verbal. Non utilices o móbil durante a práctica asistencial.

09**GARANTE A CONTINUIDADE ASISTENCIAL**

Asegura a continuidade asistencial a través dos informes de alta e os rexistros na H^a clínica. Recorda que é un dereito do/a paciente.

Ten presente a seguridade do/a paciente nas túas intervencións e coidados e mantén actualizados os teus coñecementos.